

91

15

Miembros del Jurado:

En la Ciudad de Orense, a catove de Mayo de mil novecientos setenta y cuatro

Visto por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común denominado Monte Comunal de PORTELA DE FRAGA del término Municipal de RIOS, a los efectos de la Ley 52/1.968 de 27 de Julio y Reglamento de 26 de febrero de 1.970, y: - - - - -



RESULTANDO: Que este Jurado, en sesión de 6 de junio de 1.972 acordó clasificar los Montes del expresado término Municipal y designar instructor del expediente al Sr. Notario de Orense, Don José Luis García Valcarcel, a quien se remitió la pertinente documentación integrada por la información previa practicada por la Dirección General de Montes, Caza y Pesca Fluvial - compuesta de: 1) Un índice clave de Montes; 2) Índice de Montes agrupados por Comunidades Propietarias con un Plano General; y 3) Unas carpetas fichas de cada monte. - - - - -

RESULTANDO: Que aceptado el cargo por el Instructor se inició la tramitación del expediente, uniéndose al mismo la carpeta ficha correspondiente al Monte PORTELA DE FRAGA, que contiene los siguientes extremos: 1) Representación gráfica del Monte; 2) Estado Jurídico Administrativo, con referencia a antecedentes de la propiedad, documentación, datos de archivo, registro, aptitud de la administración municipal, situaciones de hecho, actitud de la comunidad propietaria en relación con los objetivos de la Ley 52/1.968 y conclusión sobre la propiedad de acuerdo con la Ley; 3) Estado Físico del Monte, con referencia a situación, altitud, accesos, superficie, linderos, y descripción del perímetro; 4) Estado económico, con detalle de su estado forestal, especies, aprovechamientos, regimen de aprovechamiento, uso, ordenanzas, concorcio, contratos, ocupaciones, concesiones, etc.- 5) Integración del Monte en Comunidades más amplias; y 6) Anejos.- En la expresada documentación, y de acuerdo con la información practicada, se atribuye la propiedad y disfrute del monte a la comunidad vecinal del pueblo de PEDROSO del expresado término Municipal de RIOS. La situación de hecho según dicho informe que tienen derecho al uso y aprovechamiento del monte los que tienen la condición de vecinos, que el que se ausenta del pueblo pierde los derechos al aprovechamiento, sin poder enajenarlo y lo recupera cuando regresa, adquiriéndolos los nuevos vecinos del pueblo, por lo que se estima que pueden ser definidos como vecinales en Mano Común. - - - - -

RESULTANDO: Que interesada del Registro de la Propiedad de Verín la anotación preventiva a los efectos del art. 18 del Reglamento de 16 de Febrero de 1.970 manifestó el Sr. Registrador que quedaba en suspenso la anotación por no figurar inscrito en Monte.

RESULTANDO: Que en 16 de Agosto de 1.972, se dictó providencias acordando dirigir atento oficio al Sr. Alcalde de RIOS rogándole que se digne aportar al expediente: A) Expresión del Nombre de los titulares de las fincas colindantes; B) Emitir su autorizado informe, previa información testifical. - - - y celebración del Concejo Abierto sobre:

1.- Si el monte de PORTELA DE FRAGA ha venido aprovechándose consuetudinariamente por los vecinos -- pertenecientes a la parroquia de TRASESTRADA en régimen de comunidad y en su calidad de miembros o vecinos de tal parroquia y si las parcelas integran una unidad de explotación.--

2.- Fecha o tiempo desde el cual el referido monte ha venido siendo atribuido a los citados grupos vecinales.--

3.- Si la titularidad de aprovechamiento del monte de PORTELA DE FRAGA ha sido atribuida tradicionalmente a los vecinos integrados en cada momento de tal grupo vecinal sin asignación de cuotas individuales de propiedad.--

RESULTANDO: Que en concejo abierto de 30 de Junio de 1,973 los vecinos respondieron afirmativamente a las preguntas 1ª y 3ª y 2ª, dijeron que el citado aprovechamiento existía desde tiempo inmemorial, añadiendo además:

Que estos montes venían figurando a nombre del Ayuntamiento, en el amillaramiento de la riqueza rústica y en la actualidad en el Catastro de la misma, exentos de tributación por este concepto y si bien los vecinos manifiestan que existe una escritura acreditativa de la titularidad de los mismos, no ha sido presentada a efectos de tomar razón de ella, no obstante haber sido requeridos a tal fin.

RESULTANDO: Que practicadas las diligencias expuestas en los dos anteriores resultandos se puede identificar las fincas describiéndolas de las siguientes maneras:

Monte en el distrito hipotecario de Verin, Ayuntamiento de Rios al nombramiento de PORTELA DA FRAGA, integrando una unidad de explotación compuesta de cuatro parcelas.

A.- Parcela de 645 has., que limita: NORTE, comunales de Parada y Veiga de Norte, SUR, Francisco Rodriguez, Camilo Prieto, Ricardo Prieto, Silvestre Perez y otros, ESTE, Comunales de Parada y Navallo; -- OESTE, comunal de Cortegada.--

B.- Parcela de 4 Has., que limita NORETE, Comunal de Cortegada, SUR, Herederos de Antonio Gago, Antonio Afonso, José Dominguez y -- otros; ESTE, Francisco Rodríguez, Sara Yañez, Agustin Rodríguez y -- otros; OESTE comunal de Cortegada.

C.- Parcela de 135 has., que limita: NORTE, camino a Becerra Mor-ta, Juan Peña, Albino Gago y otros; SUR, Arroyo de Cabriñas, Pista Forestal, Manuel Barril y otros; ESTE, Joaquin Peña, David Alvarez, Castro Rodriguez y otros y OESTE, María Danta, Eduardo Gago, Albino Gago y otros.--

D.- Parcela de 5 has., que limita: NORTE, Daniel Alvarez y otros, SUR, Cipriano Dominguez, Luisa López, Hilario Veiga, camino y otros; ESTE, Comunal de Navallo y OESTE, Emilio García, Pilar García, Luisa Diz, Arroyo y otros.--

789



RESULTANDO: Que el Sr. Alcalde en oficio de fecha 11 de octubre de 1.973 hace constar que según resulta de las averiguaciones practicadas e informaciones requeridas, las circunstancias que concurren en los montes de referencia son las recogidas de los vecinos del pueblo en cuestión en el Acta del Concejo Abierto citada.-----

RESULTANDO: Que en la sustanciación del presente expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de Julio de 1.968, su Reglamento de 26 de Febrero de 1.970, y la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de Julio de 1.958.-----

VISTOS los preceptos citados y demás concordantes y de general aplicación.-----

CONSIDERANDO: Que este Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente la clasificación, iniciado de oficio por acuerdo del mismo, a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de 27 de Julio de 1.968 y 10 y 18 de su Reglamento.-----

CONSIDERANDO: Que para determinar si un monte merece la calificación de "VECINAL EN MANO COMUN" se hace preciso concretar si en el mismo se dan o concurren los requisitos reales exigidos en los artículos 1º de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 1º de su Reglamento, a saber: A) Que su pertenencia esté atribuida a un núcleo o grupo vecinal en régimen de copropiedad germánica o en mano común, y B) Que tal comunidad de vecinos no se halle constituida formalmente en Entidad Municipal; cuestiones que, en definitiva, suponen una declaración de propiedad, y ésta, según reiterada Jurisprudencia del Tribunal Supremo, exige dos requisitos sustanciales: 1º.- Identidad de la cosa cuya propiedad se pretende, y 2º.- Justificación del derecho de propiedad cuya declaración se solicita.-----



CONSIDERANDO: Que los datos y antecedentes obrantes en el expediente se evidencia que el monte de referencia ha venido siendo aprovechado consuetudinariamente, y desde tiempo inmemorial, por los vecinos de PEDROSO del término municipal de RIOS, con las peculiaridades expresadas en el anterior considerando, en régimen de comunidad, sin asignación de cuotas individuales de propiedad, y en forma indistinta y común, características que con toda precisión tipifican un régimen de copropiedad en mano común, tal como es definido por el artículo 2º del Reglamento de 26 de Febrero de 1.970.- Por lo que hay que concluir que el monte reúne todas las características y requisitos para que deba ser clasificado como MONTE VECINAL EN MANO COMUN, perteneciente a la expresada comunidad vecinal.-----

Este JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, en sesión celebrada el día de la fecha, y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ACUERDA: Clasificar el monte PORTELA DA FRAGA del término municipal de RIOS, tal como ha quedado descrito, como "MONTE VECINAL EN MANO COMUN", perteneciente en régimen de Comunidad germánica a los vecinos de PEDROSO en régimen conjunto de aprovechamiento y a todos los efectos previstos en la Ley de 27 de julio de 1.968 y su Reglamento de 26 de Febrero de 1.970, con sujeción a las consideraciones expuestas en la presente resolución.-----

[Handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page]

| Prov.* | Munic.* | Comunidad Pr.p.* | N.º monte |
|--------|---------|------------------|-----------|
| OR | 72 | 7.5 | 1 |

CLAVE DEL MONTE

● 3.- ESTADO FISICO

Ref.* Indice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

El monte "PORTELA DE FRAGA" de vecinos de PEDROSO está situado al N. de este pueblo y sus fincas particulares, comprendido entre éstas y los límites de los municipios de La Gudiña y Castrelo del Valle.

La parcela más importante, toda la parte alta del monte, está formada por las laderas que desde los arroyos de Cabaiñas y Pedroso suben hasta los altos da Urdiñeira; tiene pendientes relativamente fuertes con altitudes comprendidas entre los 800 y los 1.135 m.

Entre las fincas particulares de los citados arroyos y las del río Meente quedan comprendidas también otras dos parcelas de monte, con altitudes comprendidas entre los 800 y 1.041 m., en un cabezo inmediato al pueblo de Pedroso.

Queda enlazado con la carretera general de Villacastín-Vigo a través de la pista forestal del monte de Navallo.

| Prov. | Mun. c.º | Comunidad Prop.º | N.º monte |
|-------|----------|------------------|-----------|
| OR | 72 | 7.5 | 1 |

Part. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.2 SUPERFICIE.

789 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre
1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Con monte de Sanguñedo y Veiga de Nostre, de
Castrelo del Valle.

E.- Monte de Parada de la Sierra (La Gudíña) y
monte de Navallo.

S.- Fincas particulares de Pedroso.

O.- Monte de Cortegada.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el término vecinal, comprendiendo las tres parcelas de monte, las fincas particulares y el mismo pueblo de Pedroso, puede describirse empezando en el extremo N.O. en Sexta de Fontes, donde concurren con este monte los de Cortegada y de Sanguñedo y Veiga de Nostre. Dividiendo con este último sigue de O.-E. la mojonera entre municipios subiendo a Sexta de Veiga de Nostre, bajando a Portela de Pedroso y subiendo a Bruzo o Portas, donde están las "Tres rayas" de este municipio de Riós con los de Castrelo del Vella y La Gudíña. Aquí empieza a limitar por el

R. 1. 1. 1. 1.

CLAVE DEL MONTE

| Pro. * | Munic. * | Comunidad Pr. p. * | N.° monte |
|--------|----------|--------------------|-----------|
| OR | 72 | 7.5 | 1 |

3.4

E. con monte de Parada de la Sierra, con el que sigue en dirección S.E. la mojonera entre municipios por toda la divisoria de aguas, por Carqueixal, Chairas das Urdiñeiras, Fraga das Cruces hasta bajar a Sexta de Urdiñeira, donde ya empieza a limitar con monte de Navallo, con el que baja en dirección S.O., por una loma muy fuerte por Fraga del Carqueixal hasta Querella y Valmedo, ya en las fincas particulares del río Monte. Por el S. este término de Pedroso divide con los de Valfarto y Trasestrada subiendo por el río Monte desde Valmedo a Ventomao, si bien el monte queda definido por la poligonal que forman las fincas particulares de Pedroso. Por el O. divide con monte de Cortegada subiendo desde Ventomao en el río Monte, por una loma de S. a N. por Castelo y Frigueirachà hasta llegar a Sexta de Fontes, donde se comenzó.

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que también existe parcelación en el mismo monte. Se ha llegado con los límites de este hasta donde existía seguridad o duda razonable de que pudiera pertenecer al monte de referencia. En

REF. Índice
3.5

CLAVE DEL MONTE

| Prov. * | Munic. * | Comunidad Pr. p. * | N.º monte |
|---------|----------|--------------------|-----------|
| OR | 72 | 7.º5 | 1 |

caso de que llegase a ser calificado como veci-
nal en mano común, sería necesario deslinda
parcial en tal colindancia con particulares.

Tº de Castelo del Valle

OR 72 7.5 1

Término de La Gudina





Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data vinte e catro de novembro de dous mil catro, levouse a estudio a mellora dos acordos e planos de clasificación no concello de Riós dos montes: o denominado *Montes de Cortegada*, clasificado a favor dos veciños de Cortegada en data 14 de maio de 1974 e o denominado *Portela de Fraga*, clasificado a favor dos veciños de Pedroso, en data 14 de maio de 1974, no senso de que a descrición da estrema na liña divisoria entrámbolos dous montes existe un erro en canto ás superficies dos montes de xeito que a do monte pertencente a Cortegada aumentaría na mesma proporción que diminuiría a do monte pertencente a Pedrosa., polo que é de aplicación o artigo 105,2 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais do estudio sobre o terreo do límite xunto coa comparecencia perante o Notario de Verín en escritura pública número trescentos seis, dos representantes autorizados polas comunidades quedando o límite descrito gráficamente (o lindeiro leste do Montes de Cortegada e o lindeiro oeste do monte Portela de Fraga) por unha liña poligonal na que se reseñan as coordenadas UTM dos vértices que se describe do seguinte xeito:

O linde común, de norte a sur, discorre entre as paraxes denominadas "Xesta de Fontes", ao norte, no límite dos termos municipais de Riós e Castrelo do Val e a confluencia do "Regato de Faxo" co "Río Mente", ao pé do denominado "Ponte da Fraga", no camiño de Pedroso a Trasestrada.

Dende a paraxe "Xesta de Fontes" (punto número 1 do límite reflectido sobor o mapa topográfico a escala 1:5000 que se inclúe como documento gráfico adxunto, o lindeiro segue en dirección sur-leste pola divisoria de augas, baixando primeiro lixeramente (punto número 2, tamén en "Xesta de Fontes") e logo pola mesma divisoria, mesma dirección aproximada e mesma atallada, subindo agora lixeramente, ata o "Alto de Pedra Ventaina" (punto número 3 no plano), un pouco ao norte do punto máis alto ou cota desta paraxe, cuxo cumio queda a uns coarenta metros á dereita da estrema.

Dende a paraxe "Alto de Pedra Ventaina" a estrema segue na mesma dirección sur-leste, pola divisoria e pola mesma atallada ata un cruzamento (punto número 4 do plano, tamén na mesma paraxe de "Alto de Pedra Ventaina") deste cunha atallada que sae á dereita.





Dende o cruzamento de atalladas no "Alto de Pedra Ventaina" (punto número 4 no plano), a estrema desvíase á dereita en dirección sur-sudoeste pola atallada que discorre pimeiro pola máxima pendente en ladeira, logo por unha pequena divisoria en ladeira ata un novo cruzamento de atalladas, na paraxe denominada "Alto de Cabaxeiros-Pedra Ventaina" (punto número 5 do plano). A estrema segue pola atallada da esquerda ata o cumio dunhas rochas (punto número 6 do plano, na mesma paraxe "Alto de Cabaxeiros-Pedra Ventaina").

Dende o cumio de "Alto de Cabaxeiros-Pedra Ventaina", a estrema segue por unha atallada a media ladeira primeiro, cruza unha pista forestal e sempre en dirección sur, a estrema chega "Pedra Bicuda" (punto número 7 do plano).


Dende "Pedra Bicuda" a estrema segue pola atallada en dirección sur-sudeste, algo máis ao leste que no tramo anterior, cruza un camiño forestal (punto número 8 do plano) en dirección ata o "Alto da Corga de Ventomao", pero ao iniciarse a subida cara o leste, a estrema dobra á dereita (punto número 9 do plano) para seguir primelro pola máxima ladeira da faldra pola atallada e despois por la valgada (inicio da valgada do "Regato do Faxe", punto número 10 do plano), seguindo a estrema dende aquí ata a paraxe "Ponte da Fraga" (número 12 do plano), final da estrema ao sur entrambos montes, polo canle do "Regato do Faxe".

Entre o "Alto de Ventomao" e "Ponte da Fraga", o "Regato do Faxe" cruza a estrada local entre Cortegada e Pedroso (punto número 11 do plano).

As novas superficies dos ditos montes logo das melloras serían: o denominado *Montes de Cortegada* con 505 ha, e o monte denominado *Portela de Fraga* con 750 ha

Este Xurado de Montes **acorda** a rectificación material dos acordos de datas 14 de maio de 1974, de ámbolos dous montes, no senso que se consignou nos lindeiros, e facendo constar que o presente se incorpora as resolucións referenciadas xunto co plano que define o límite entrámbolos dous montes, e non incidindo dita rectificación no resto dos acordos que permanecen idénticos.





LÍMITE CORTEGADA - PEDROSO (RÍOS)
SEGÚN
PLANO
CLASIFICACIÓN


LÍMITE CORTEGADA - PEDROSO (RÍOS)
ACORDADO
ENTRE
AMBAS
COMUNIDADES

Término

Municipal

PEDROSA

SECRETARÍA DE ECONOMÍA
DIRECCIÓN GENERAL DE REGISTRO Y
CATASTRO
SECRETARÍA DE ECONOMÍA
DIRECCIÓN GENERAL DE REGISTRO Y
CATASTRO
SECRETARÍA DE ECONOMÍA
DIRECCIÓN GENERAL DE REGISTRO Y
CATASTRO



MONTE "MONTES DE CORTEGADA"

MONTE "PORTELA DE FRAGA"

| PUNTO | COORDENADA X | COORDENADA Y |
|---|--------------|--------------|
| 1. XESTA DE FONTES | 641.022 | 4.854.852 |
| 2. XESTA DE FONTES | 641.158 | 4.854.878 |
| 3. ALTO DE PEDRA VENTAINA | 641.208 | 4.854.975 |
| 4. ALTO DE PEDRA VENTAINA | 641.320 | 4.854.917 |
| 5. ALTO DE CAVAXEIRO-PEDRA VENTAINA | 641.387 | 4.854.296 |
| 6. ALTO DE CAVAXEIRO-PEDRA VENTAINA | 641.214 | 4.854.240 |
| 7. PEDRA BICUDA | 641.327 | 4.854.014 |
| 8. Cruce de pista forestal con cortaxuegos | 641.309 | 4.853.746 |
| 9. ALTO DA CORGA DE VENTOMAO | 641.363 | 4.853.819 |
| 10. Comenzo de vaguada | 641.216 | 4.853.576 |
| 11. Cruce de carretera con vaguada e Espirito con espazo de fraga | 641.077 | 4.853.437 |
| 12. PONTE DA FRAGA | 640.899 | 4.853.539 |

— LINDE RECONOCIDO



CONVENIO ENTRE LAS COMUNIDADES DE PEDROSA Y CORTEGADA PARA EL RECONOCIMIENTO DEL LINDE ENTRE LOS MONTES "PORTELA DE FRAGA" Y "MONTES DE CORTEGADA"

Resolución municipal de 14 de mayo de 2009

PLANO

E/1:5.000

EXP 74/09
J.D. 21/05

Nota: Este mapa de la delimitación municipal para el 1 de enero del 2009. E = 4° 41' 00" N. La delimitación definitiva está en el año 2012.



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **13 de decembro de 2022** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XI.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Do Navallo", pertencente aos veciños de O Navallo e O Mente, e o MVMC "Portela de Fraga", pertencente aos veciños de Pedrosa, no concello de Riós.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 26 de outubro de 2022 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC "Do Navallo", pertencente á CMMVVMC do Navallo e O Mente, e o MVMC "Portela de Fraga, pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, dende o vértice 1 (o situado máis ao N) ata o vértice 15 (o situado máis ao S).

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado a súa aprobación entre os puntos 2 e 15 indicados na acta de conciliación, tendo o punto 1 a consideración de vértice auxiliar que define a dirección da liña no tramo anterior ao punto 2.

O Xurado Provincial, tendo en conta as consideracións recollidas no informe do Servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 11 de xaneiro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 10 de xaneiro de 2023 relativa ao acto de conciliación formulada polos representantes dos montes veciñais en man común do Navallo e O Mente, e Portela de Fraga, no concello de Riós (Ourense).

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do MVMC do Navallo, pertencente á CMMVVMC de Navallo e O Mente; e do MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, no concello de Riós, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 16.8.2022, a CMMVVMC do Navallo e O Mente presentou un escrito (Rexel 2022/2070812) en que solicita a aprobación dun deslindamento entre o MVMC Navallo e o MVMC Portela da Fraga.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento do 12.4.2022.
- Memoria e planos.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Riós.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 26 de outubro de 2022 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC do Navallo, pertencente á CMMVVMC do Navallo e O Mente, e o MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, desde o vértice 1 (o situado máis ao N) ata o vértice 15 (o situado máis ao S).

Logo de analizar os vértices e a súa localización, conclúese que o punto inicial 1 (situado na liña de termo coa Gudiña e estremando tamén co MVMC Comunal de Parada da



Serra) debe ter a consideración de punto auxiliar; isto débese a que o dito punto, nin se sitúa sobre a liña intermunicipal actualmente vixente no MTN do IGN, nin tampouco sobre un punto singular ou que conte coa avinza da CMMVVMC de Parada da Serra e que permita concluír inequivocamente que non se está a invadir o TM da Gudiña. Pola contra, a adopción do dito punto implicaría crear unha terceira raia ou referencia, distinta tanto da liña de termo do IGN como da liña perimetral procedente da dixitalización das carpetas-ficha, e que achegaría máis dúbidas e inseguridade no tocante á definición, nesa estrema común, dos montes obxecto de deslindamento e máis do Comunal de Parada da Serra.

Xa que logo, fíxase o punto 1 como referencia para determinar a dirección da liña antes de chegar ao primeiro punto do deslindamento como tal, que sería o 2. Desde aquí, a liña vai seguindo a traza dun cortalumes ata chegar ao punto 14, onde pasa a estar definida polo eixo lonxitudinal dunha pista forestal correspondente coa RC 32072A05309001.

O citado informe considera que a solicitude axústase ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación entre os puntos 2 e 15 indicados na acta de conciliación, tendo o punto 1 a consideración de vértice auxiliar que define a dirección da liña no tramo anterior ao punto 2.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se vai seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 26 de outubro de 2022, o Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense acordou por unanimidade o día 13 de decembro de 2022:




Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC do Navallo, pertencente á CMMVVMC do Navallo e O Mente; e do MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, no concello de Riós.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 11 de xaneiro de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





| Punto | X | Y |
|-------|-----------|------------|
| 1 | 643783,68 | 4653268,69 |
| 2 | 643757,20 | 4653052,53 |
| 3 | 643742,70 | 4652884,97 |
| 4 | 643722,39 | 4652650,32 |
| 5 | 643707,52 | 4652487,84 |
| 6 | 643697,00 | 4652389,92 |
| 7 | 643665,08 | 4652250,28 |
| 8 | 643675,24 | 4652144,02 |
| 9 | 643639,70 | 4652078,37 |
| 10 | 643554,47 | 4651891,23 |
| 11 | 643450,74 | 4651681,96 |
| 12 | 643386,91 | 4651553,21 |
| 13 | 643343,75 | 4651467,62 |
| 14 | 643132,71 | 4651046,02 |
| 15 | 642821,26 | 4650534,12 |


● Puntos de deslinde MVMC do Navallo - MVMC Portela da Fraga — Línea de deslinde MVMC do Navallo - MVMC Portela da Fraga


 Rafael Altamirano Cabeza
 Ingeniero de Montes (Colegiado N°: 2.104)

N
 SISTEMA DE PROYECCIÓN
 Proyección UTM. Datum ETRS89.
 Zona N Huso 29.

PLANO DE DESLINDE ENTRE
 MVMC DO NAVALLO Y MVMC PORTELA DE FRAGA (RÍOS)

OURENSE
 Abril de 2022.

ESCALA 1: 10.000

 0 140 280 560 Meters



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **17 de abril de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XIV.- Solicitud de deslinde entre os MVMC "Portela de Fraga" e "Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo", nos concellos de Riós e Castrelo do Val, e entre os MVMC "Portela de Fraga", e "Comunal de Parada", no concello de Riós e de A Gudiña.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 20 de xaneiro de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde, dun lado, ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, e mailo MVMC Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo, pertencente á CMMVVMC de Veiga de Nostre e Sanguñedo, dende o vértice núm. 263 (o situado máis ao O) ata o vértice 283 (o situado máis ao E), segundo a liña definida polo cortalumes situado ao N do primeiro deses montes; e doutro lado, revísase a estrema entre o propio MVMC Portela de Fraga e o MVMC Comunal de Parada, pertencente á CMMVVMC de Parada da Serra, dende o vértice 283 (o situado máis ao N) ata o vértice 297 (o situado máis ao S). En consecuencia, o primeiro acordo remata onde empeza o segundo en concreto, no vértice 283, punto común de ambos deslindamentos situado no Alto de Bruzo.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a aprobación da avinza Pedrosa-Parada da Serra nos termos en que foi presentada, e a da avinza Pedrosa-Veiga de Nostre e Sanguñedo entre os puntos 265 e 283 indicados na acta de conciliación, tendo o punto 264 a consideración de vértice auxiliar que define a dirección da liña no tramo inicial.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe do Servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado
Luis Jorge Álvarez Ferro

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo
32071 Ourense
Tel: +34 988 386 486
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 4 de outubro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 3 de outubro de 2023, relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Portela de Fraga e o Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo nos concellos de Riós e Castrelo do Val, e entre o propio Portela de Fraga e o Comunal de Parada, nos concellos de Riós e A Gudiña.

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Portela de Fraga, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Pedrosa, e o Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo, pertencente á CMVMC de Veiga de Nostre e Sanguñedo, nos concellos de Riós e Castrelo do Val, e entre o propio MVMC Portela de Fraga e o MVMC Comunal de Parada, pertencente á CMVMC de Parada da Serra, nos concellos de Riós e A Gudiña, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 16.8.2022 a CMVMC de Pedrosa presentou un escrito (REXEL 2022/2069624) en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC de Parada da Serra e coa de Veiga de Nostre e Sanguñedo.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.
- Memoria dos deslindamentos.

Segundo. Posteriormente, a comunidade promotora presentou o 17.1.2023 un escrito de emenda (REXEL 2022/173414) co que achegou a seguinte documentación:

- Actas de conciliación levantadas no Xulgado de Paz de Riós.



Terceiro. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense con data do 20 de xaneiro de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde, dun lado, ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMVMC de Pedrosa, e o MVMC Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo, pertencente á CMVMC de Veiga de Nostre e Sanguñedo, desde o vértice núm. 263 (o situado máis ao O) ata o vértice 283 (o situado máis ao E), segundo a liña definida pola devasa situado ao N do primeiro deses montes, e doutro lado, revísase a estrema entre o propio MVMC Portela de Fraga e o MVMC Comunal de Parada, pertencente á CMVMC de Parada da Serra, desde o vértice 283 (o situado máis ao N) ata o vértice 297 (o situado máis ao S). En consecuencia, o primeiro acordo remata onde empeza o segundo en concreto, no vértice 283, punto común de ambos os deslindamentos situado no Alto de Bruzo.

Da análise das propostas, así como dos acordos correspondentes cos antecedentes 2, 3 e 5, conclúese que os vértices 263 e 264 da avinza Pedrosa-Veiga de Nostre e Sanguñedo, malia estaren situados sobre unha devasa, non se pode determinar con seguridade que non invadan terreos do MVMC Montes de Cortegada, pois tampouco hai elementos que permitan dilucidar que a devasa en cuestión pertenza a un, a outro ou incluso a ambos os montes. En consecuencia, considérase que este deslindamento debe comezar no vértice 265, tendo o 264 a consideración de punto auxiliar que permite definir a dirección da liña no tramo anterior ao punto 265.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a aprobación da avinza Pedrosa-Parada da Serra nos termos en que foi presentada, e a da avinza Pedrosa-Veiga de Nostre e Sanguñedo entre os puntos 265 e 283 indicados na acta de conciliación, tendo o punto 264 a consideración de vértice auxiliar que define a dirección da liña no tramo inicial.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento a seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e esta-



blece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditara resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 20 de xaneiro de 2023, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 17 de abril de 2023:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMVMC de Pedrosa, e o MVMC Comunal de Veiga de Nostre e Sanguñedo, pertencente á CMVMC de Veiga de Nostre e Sanguñedo, nos concellos de Riós e Castrelo do Val, e entre o propio MVMC Portela de Fraga e o MVMC Comunal de Parada, pertencente á CMVMC de Parada da Serra, nos concellos de Riós e A Gudiña.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 4 de outubro de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense



641000,000000

641500,000000

642000,000000

642500,000000

643000,000000

643500,000000

4655500,000000

4655000,000000

4654500,000000

4654000,000000

MVMC COMUNAL DE VEIGA DE NOSTRE E SANGUÑEDO

MVMC PORTELA DE FRAGA



| Numero | Coord. X | Coord. Y |
|--------|------------|------------|
| 263 | 640876,558 | 4654649,39 |
| 264 | 640855,051 | 4654710,28 |
| 265 | 641062,7 | 4654824,55 |
| 266 | 641079,767 | 4654842,26 |
| 267 | 641164,944 | 4654887,19 |
| 268 | 641257,118 | 4654837,35 |
| 269 | 641496,689 | 4654837,62 |
| 270 | 641630,046 | 4654858,94 |
| 271 | 641622,622 | 4654966,12 |
| 272 | 641671,926 | 4655089,09 |
| 273 | 641737,193 | 4655173,99 |
| 274 | 641765,569 | 4655231,69 |
| 275 | 641802,814 | 4655277,8 |
| 276 | 641866,898 | 4655309,49 |
| 277 | 641884,633 | 4655347,09 |
| 278 | 642121,107 | 4655513,8 |
| 279 | 642185,073 | 4655491,1 |
| 280 | 642227,639 | 4655417,32 |
| 281 | 642718,797 | 4655313,28 |
| 282 | 642763,668 | 4655332,41 |
| 283 | 642813,45 | 4655373,56 |

PLANO DE DESLINDE ENTRE O MVMC COMUNAL DE VEIGA DE NOSTRE E SANGUÑEDO E O MVMC PORTELA DE FRAGA

LOCALIZACIÓN:
Concellos de CASTRELO DO VAL e RIÓS. PROVINCIA OURENSE.

TÉCNICO/A REDACTOR/A:
M^a Luisa Alvaredo Castro
Colexiada nº253 do COETFOGA

A TÉCNICA
REDACTORA



LEND A

- PUNTOS DE DESLINDE
- liña de deslinde

ESCALA: **1/10.000**

DATA: **05/2022**

Fdo.:

642500,000000

643000,000000


643500,000000

4655000,000000

4654500,000000

4654000,000000

4653500,000000



FEADER:
Europa invierte
no rural



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



GOBIERNO
DE GALICIA

ESPAÑA
Puede



| Numero | Coord. X | Coord. Y |
|--------|------------|------------|
| 283 | 642813,45 | 4655373,56 |
| 284 | 642820,1 | 4655309,5 |
| 285 | 642797,062 | 4655103,11 |
| 286 | 642825,783 | 4655006,98 |
| 287 | 643019,492 | 4654801,21 |
| 288 | 643050,803 | 4654570,66 |
| 289 | 643066,254 | 4654447,6 |
| 290 | 643241,152 | 4654352,41 |
| 291 | 643362,692 | 4654207,62 |
| 292 | 643404,212 | 4654154,83 |
| 293 | 643465,622 | 4653997,98 |
| 294 | 643541,363 | 4653818 |
| 295 | 643650,913 | 4653569,02 |
| 296 | 643713,514 | 4653310,49 |
| 297 | 643773,841 | 4653273,5 |

Leyenda



Coord_parada




Linea_deslinde

C_M_V_M_C_



Parada da Serra



Portela de Fraga

PLANO DE DESLINDE ENTRE OS MVMC DE "PORTELA DE FRAGA" E "PARADA DA SERRA"

TÉCNICO/A REDACTOR/A:

M^a Luisa Alvaredo Castro
Colegiada nº253 del COETFOGA

O/A TÉCNICO/A
REDACTOR/A



ESCALA: 1/10.000

DATA: 04/2022

Fdo.:



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **4 de novembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XVI.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Portela de Fraga", pertencente á CMMVVMC de Pedrosa, no concello de Riós, e propiedades particulares.

O servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 8 de febreiro de 2024 en relación coa citada solicitude.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 29 de novembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Portela de Fraga, e propiedades particulares, no concello de Riós.

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMVMC de Pedrosa, no concello de Riós, con propiedades particulares, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 21.7.2022, a CMVMC de Pedrosa presentou un escrito (Rexel 2022/1902958), no cal solicitan a aprobación dun deslindamento coas propiedades particulares.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Certificacións dos acordos da asemblea xeral.
- Memoria e planos.

Segundo. O 13.9.2023, o Servizo de Montes de Ourense emitiu un informe favorable ao considerar que non existe unha afección significativa sobre a integridade territorial do monte.

Terceiro. O 4.10.2023 publicouse no DOG o anuncio polo que se facía pública a proposta de deslindamento e se abría o período de alegacións; anuncio que tamén se lle remitiu ao concello de Riós para os efectos da súa publicación no taboleiro de anuncios.

Cuarto. A CMVMC de Pedrosa presentou o 11.1.2024 un escrito complementario (Rexel 2024/81995), co cal achegaba a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 26.11.2023 onde autoriza a exclusión, da memoria de deslindamento, da parcela coa R.C. 32072A06400178 reclamada por Julio Gago Fernández, e aproba o resto do perímetro.



• Acta de conciliación levantada o 20.12.2023, no Xulgado de Paz de Riós, con Julio Gago Fernández.

Quinto. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 8 de febreiro de 2024 en relación coa citada solicitude.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. Esta resolución dítase o abeiro do artigo 54 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se debe seguir no deslindamento de montes veciñais con propiedades particulares. E establece que no caso de informe favorable, unha vez ratificado o deslindamento provisional pola asemblea xeral, darase traslado ao xurado provincial dos acordos acadados e, cando menos, da seguinte documentación: acta do deslindamento, memoria descritiva con planos topográficos, acta de conciliación levantada no xulgado de paz ou de primeira instancia correspondente e certificacións de aprobación por parte da comunidade. O xurado provincial de montes veciñais en man común ditará resolución aprobatoria do deslindamento e notificarállela ás persoas interesadas. A dita resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 8 de febreiro de 2024, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 4 de novembro de 2024:

Aprobar o acto de conciliación acadado entre o MVMC Portela de Fraga, pertencente á CMVMC de Pedrosa, no concello de Riós, con propiedades particulares.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo





común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 29 de novembro de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





manuelamigo@topterra.es
topterra
 TOPOGRAFÍA DE OBRAS E PROXECTOS
 690 293 120

Plano: General con las propiedades privadas
 Situación: CMVMC Pedroso / Portela da Fraga (Riós)
 Propietario: CMVMC "Portela da Fraga"

Referencia catastral: Varias referencias
 Superficie:
 Escala: 1:10000

Téc. Sup. Prox. Obra Civil (Col. 1056)
 Manuel Amigo Pombo
 Data: 10/06/2022
 Nº Plano: 0